

2021




PRINCIPIANTES

¿DE QUÉ HABLAMOS CUANDO HABLAMOS DE AMOR?



**PAZO DA
CULTURA**
Concello de Narón



**USO OBRIGATORIO
DE MÁSCARA DE
PROTECCIÓN**

TEATRO
TEATRO MUSICAL
MUSICALES

PROGRAMACIÓN **XANEIRO** / **FEBREIRO**

PROGRAMACIÓN XANEIRO/FEBREIRO 2021

XANEIRO

Sábado 9 20:00 horas Pazo da Cultura	Comedia LA QUINTANA O PREMIO
Venres 15 20:30 horas Sábado 16 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro Musical ELEFANTE ELEGANTE DREAMING JULIET
Venres 22 20:30 horas Sábado 23 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro Contemporáneo QUE CONTAS? A VOZ TOMADA 
Domingo 24 18:00 horas Pazo da Cultura	Monicreques TÍTERES CACHIRULO XURÁSICO PERDIDO
Sábado 30 20:00 horas Pazo da Cultura	Comedia JOGLARS SEÑOR RUISEÑOR

Esta programación poderá sufrir cambios

Todas as representacións terán lugar no Pazo da Cultura agás onde se especifique o contrario

Despacho de billetes:

De luns a venres

9:30 a 14:00 horas

17:00 a 20:30 horas

Sábados

9:30 a 14:00 horas

17:00 a 20:00 horas

Teléf. 981 102 897

(Despacho de billetes)

taquilla.pazo@naron.es

FEBREIRO

<p>Venres 5 20:30 horas Sábado 6 20:00 horas Pazo da Cultura</p>	<p>Teatro Contemporáneo SARABELA TEATRO A LINGUA DAS BOLBORETAS</p>
<p>Venres 12 20:30 horas Café-Teatro do Pazo</p>	<p>Música: SOUL MÚSICOS AO VIVO S. COOP. GALEGA CARLA GREEN @ THE DEMONS</p>
<p>Sábado 13 20:00 horas Pazo da Cultura</p>	<p>Comedia CON DE TRES PÉS, S.L. MELANCOHOLEMIA</p>
<p>Venres 19 20:30 horas Sábado 20 20:00 horas Pazo da Cultura</p>	<p>Drama TODAS LAS MUJERES, AIE PRINCIPIANTES</p>
<p>Domingo 21 18:00 horas Café-Teatro do Pazo</p>	<p>Comedia PEDRAS DE CARTÓN QUIXOTE</p>
<p>Sábado 27 20:00 horas Pazo da Cultura</p>	<p>Comedia Musical VAIVÉN PRODUCCIONES YO, LA PEOR DEL MUNDO</p>
<p>Domingo 28 18:00 horas Pazo da Cultura</p>	<p>Teatro Musical OS MONICREQUES DE KUKAS DON GAIFEROS</p>

Sábado 9 de xaneiro

20:00 | Pazo da Cultura

COMEDIA



Adultos | 1 hora e 30 minutos | galego

LA QUINTANA

O premio

O Premio é unha comedia aceda que fala da situación das persoas dentro dun futuro próximo no que o progreso tecnolóxico e a loita cara ao éxito económico, sentimental e social fose tal que se viron obrigadas a caer en O Premio como única fórmula de conseguir a felicidade.

O Premio é un reality en directo, onde o público vota a quen merece levar o premio da súa vida: "Morrer logrando a fama. Todo por un soño". Tres finais posibles en función do desexo do público.

Autor: Santiago Cortegoso

Dirección: Marián Bañobre

Adaptación: Santiago Cortegoso

Escenografía: Marisa de Laiglesia

Deseño son: Anxo Outumuro

Deseño iluminación: Javier Quintana

Vestuario: Marisa de Laiglesia

Música: Jose Luis Fraga

Elenco artístico:

Raquel Espada - Victoria Teijeiro - Xurxo Cortázar

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Venres 15 e Sábado 16 de xaneiro

Venres 20:30 / Sábado 20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO MUSICAL



Adultos | 1 hora e 15 minutos | galego

ELEFANTE ELEGANTE

Dreaming Juliet

Dreaming Juliet é a nova creación para público adulto do Elefante Elegante. O espectáculo inspírase na peza "Romeo e Xulieta" de W. Shakespeare para abordar a cuestión máis esencial da existencia humana: o amor.

A paixón, a familia e a maternidade son os temas intrínsecos da obra e o teatro físico e visual a ferramenta da creación. A peza do dramaturgo inglés é un referente universal porque os seus protagonistas logo de amarse desenfreadamente teñen un funesto final.

Dreaming Juliet pretende reflexionar sobre o futuro de Romeo e Xulieta caso non tivesen morrido.

Que acontecería ao seu profundo amor se acabasen formando familia e tivesen que afrontar a rutina de todos os días?

Autor: Gonçalo Guerreiro

Dirección: María Torres, Gonçalo Guerreiro e Pablo Sánchez

Adaptación: María Torres e Gonçalo Guerreiro

Escenografía: Gonçalo Guerreiro

Deseño son: Gonçalo Guerreiro, Mighelón Paz e Nacho Martín

Deseño iluminación: Germán Gundín

Vestuario: Diego Valeiras

Música: Mighelón Paz e Gonçalo Guerreiro

Coreografía: Marta Alonso

Elenco artístico: María Torres - Gonçalo Guerreiro

Marta Alonso - Nacho Martín - Mighelón Paz

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Venres 22 e Sábado 23 de xaneiro

Venres 20:30 / Sábado 20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO CONTEMPORÁNEO



Adultos | 1 hora e 30 minutos | galego

QUE CONTAS?

A voz tomada

ESTREA

As historias que contamos xa habitan na imaxinación dos espectadores, no seu inconsciente. O espectáculo comeza cando se abre a billeteira, coa compra da entrada por parte do público, incluídos nel os actores, que máis tarde ocuparán a súa butaca como o resto, a que lles toque. Somerxeranse na escuridade absoluta - na física e na da súa mente - ata que un sector do escenario quede alumado. Esa luz evocará na cabeza dos actores, agora contadores, o conto que queremos contar, que eles desexaban contar desde hai moito tempo sen saber que tamén era seu. Sairán a escena cando sintan a necesidade de contar esta historia doméstica dun individuo, os seus pais e a súa filla.

Espectáculo: A voz tomada

Autor: Alfonso Calleja

Dirección: Alfonso Calleja

Adaptación: Alfonso Calleja

Escenografía: Alfonso Calleja

Deseño son: Alfonso Calleja

Deseño iluminación: Ana Díaz (Tedaga)

Vestuario: Que contas?

Elenco artístico:

Agustín Bolaños - Josito Porto - Marián Rei - Silvia Romaus

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Domingo 24 de xaneiro

18:00 | Café-Teatro do Pazo da Cultura

MONICREQUES



Familiar e infantil (a partir de 3 anos) | 50 minutos | galego

TÍTERES CACHIRULO

Xurásico perdido

Monifates de gran tamaño desenvolven unha aventura singular e trepidante. O malvado Katraska e os seus malfeitores queréndose apoderar dun misterioso ovo descuberto na Patagonia Arxentina.

Ariadna e o profesor Florentino Ameghino loitarán por protexer a Xuri, un dinosauro moi peculiar que se mantivo oculto, aos ollos do mundo, a través dun curioso dispositivo evolutivo antropolóxico.

Música en directo, cancións. Unha comedia de enredo e misterio espectacular.

Autor: Jorge Rey

Dirección: Jorge Rey

Escenografía: Títeres Cachirulo

Deseño son: Jorge Rey

Deseño iluminación: Jorge Rey

Vestiario: Títeres Cachirulo

Música: Luis Iglesias

Coreografía: Olalla Pérez

Elenco artístico:

Carmen Domech - Olalla Pérez - Sophia Rodal

Lara Pouso - Arturo Aceituno - Jorge Rey

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Menores de 14 anos: 5,50 €

Sábado 30 de xaneiro

20:00 | Pazo da Cultura

COMEDIA



Adultos | 1 hora e 30 minutos | castelán

JOGLARS

Señor Ruseñor

Un xardineiro de Parques e Xardíns debe deixar o traballo por culpa do reuma e situano no Museo Ruseñol onde fará de Ruseñol presentando as visitas teatralizadas do Museo. Pero ao cabo dun tempo, cando el se namora do pintor, deciden transformar o Museo Ruseñol no Museo da Identidade. A partir de aquí créase un conflito entre os dous mundos: o de Ruseñol e o dos que defenden a identidade, aos que chamamos bárbaros. A obra é unha reivindicación da arte como patria universal, a partir de Ruseñol, contra as patrias identitarias.

Santiago Ruseñol (1861-1931), nacido no seo da burguesía catalá, simboliza unha personalidade intensa e complexa, cunha visión melancólica, amarga e desencantada da vida. Un home dotado dun gran talento persoal que deriva na pintura e cuxa obra figura nas máis prestixiosas coleccións. Tamén alcanza gran notoriedade como dramaturgo, escritor e poeta. O seu carácter enxeñoso e cosmopolita fai del un referente do que os españois consideran a Cataluña cívica, culta e aberta ao mundo.

“Co Señor Ruseñol queremos reflexionar sobre a destrución duns conceptos de vida libre, conceptos que non foron substituídos na actualidade. En Cataluña arrincouse ou falseouse o pasado e, desta maneira, púidose configurar unha orde inventada. Só se utiliza a parte de coñecemento e de tradición que convén para contar un relato nesgado. Para nós, Ruseñol é a antítese deste mundo: este artista de carácter enxeñoso e cosmopolita representa a indución á vida alegre e sensual, ao gusto pola beleza, a sutileza e o coñecemento. Santiago Ruseñol - como dixo Josep Pla- foi un destrutor de fanáticos que representou unha sociedade de cidadáns con xuízo, á beira do Mediterráneo.” Ramon Fontserè

Elenco artístico: Ramon Fontserè - Pilar Sáenz - Dolors Tuneu - Xevi Vilà - Juan Pablo Mazorra - Rubén Romero

Dirección: Ramon Fontserè Sidera

Dramaturxia: Ramon Fontserè coa colaboración de Dolors Tuneu e Alberto Castrillo-Ferrer

Dirección escena: Alberto Castrillo-Ferrer

Espazo escénico: Anna Tusell

Deseño iluminación: Bernat Jansà

Proxeccións: Manuel Vicente

Deseño vestiario: Pilar Sáenz Recoder

Deseño Espazo sonoro: David Angulo

Dirección técnica: Pere Llach

PREZOS: Público xeral: 12,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 8,40€

Venres 5 e Sábado 6 de febreiro

Venres 20:30 / Sábado 20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO CONTEMPORÁNEO



Adultos | 1 hora e 10 minutos | galego

SARABELA TEATRO

A lingua das bolboretas

Eu quería moito a aquel mestre. Confesa Moncho.

Ao principio, os meus pais non podían crelo.

Quero dicir que non podían entender como eu quería ao meu mestre.

Cando era un picariño, a escola era unha ameaza terrible.

Unha palabra que cimbraba no aire como unha vara de vimbio:

"Xa verás cando vaías á escola!"

O espectador será testemuña do proceso de aprendizaxe que emprende o protagonista da man do mestre da escola (unha figura que simboliza a liberdade que xera o coñecemento da realidade e o respecto cara o próximo) e é testemuña tamén da traxedia que supuxo vivir con medo, do cru impacto que xera o estalido dunha guerra civil. A través da entrañable relación que manteñen o mestre, don Gregorio, e o neno, vaise descubrindo paulatinamente ante o espectador a beleza daquelas realidades cotiás que pasan inadvertidas (como o mundo dos insectos), facendo partícipe ao receptor da historia da fascinación infantil do protagonista ante o descoñecido e do sufrimento que provoca a represión das liberdades humanas.

Espectáculo: A Lingua das Bolboretas

Autor: Manuel Rivas

Dirección: Gonçalo Guerreiro

Adaptación: Gonçalo Guerreiro / Fernando Dacosta

Escenografía: Gonçalo Guerreiro

Deseño son: Fernando Dacosta / Vadzim Yuknevich

Deseño iluminación: Baltasar Patiño / Diego Blanco

Vestiario: Tegra Vázquez / Lele Martínez

Música: Vadzim Yuknevich

Elenco artístico:

Fran Lareu - Fernando Dacosta - Fina Calleja - Sabela Gago

Josito Porto - César Goldi - Elena Seijo

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Venres 12 de febreiro

20:30 | Café-Teatro do Pazo da Cultura

MUSICA: SOUL



Todos os públicos | 1 hora

MÚSICOS AO VIVO S. COOP. GALEGA

Carla Green & The Demons

Carla Green & The Demons fórmase en Santiago de Compostela na primavera do 2017 coa intención de levar aos escenarios o mellor soul dos anos 60 e 70.

Conta cun repertorio baseado en clásicos de artistas como Etta James, Otis Redding, Wilson Pickett... En definitiva, a época dourada de selos como Chess, Stax ou Atlantic Records.

A pesar de ser unha banda de recente formación, está composta por músicos cunha dilatada traxectoria musical dentro de estilos como o blues, o swing ou o jazz.

Ao fronte da guitarra atópase: David Tato (Bakin' Blues Band); ao baixo: Fran Sanz (Bakin' Blues Band); ao saxo tenor e barítono: Martiño Mato (Banda de Música Recreativa e Cultural de Bandeira); ao trombón: Xosé Luis Miranda (Garufa Blue Devils Big Band); á batería: Lar Legido (Sumrrá) e, por último, á voz: Carla Green.

Por outro lado, cabe destacar a participación de David Tato, Martiño Mato e Carla Green no prestixioso ciclo Outono Códax Festival -con referentes da música negra internacional -como membros da banda de Barbara Lynn, así como a participación de Carla Green como corista de La La Brooks (The Crystals) e como artista invitado para introducir a Irma Thomas, a raíña do soul de New Orleans.

Así e todo, Carla Green & the Demons tamén participaron nas Festas da Ascensión en Santiago de Compostela, en Fisterra Blues Experience e noutros festivais non exclusivos da música negra como, por exemplo, o Armadiña Rock ou o Festival Noroeste Estrella Galicia.

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos),

Menores de 14 anos: 6,65€

Sábado 13 de febreiro

20:00 | Pazo da Cultura

COMEDIA



Adultos | 1 hora e 15 minutos | galego

CON DE TRES PÉS, S.L.

Melancholemla

Sobre un texto propio, Antón Reixa, interpreta a un paciente dunha institución mental que recibe aos convidados nunha sesión de "portas abertas".

O texto, en clave satírica e na máis pura tradición do "teatro do absurdo" glosa o chamado estado de "melancholemla", a carencia de forma de ser.

As imaxes do vídeo realizado por Antonio Sergade, baseadas no tratamento de diversas obras da historia das artes plásticas, a música de Cachopou e a presenza da actriz Antela Cid conforman a posta en escena dirixida polo dramaturgo vasco Fernando Bernués (El Florido Pénsil, El Hijo del Acordeonista)

Espectáculo: Melancholemla

Autor: Antón Reixa

Dirección: Fernando Bernués

Escenografía: Tanttaka

Deseño son: Pako de Pink

Deseño iluminación: Pako de Pink

Vestuario: Tanttaka

Música: Cachopou

Elenco artístico: Antón Reixa - Antela Cid

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Venres 19 e Sábado 20 de febreiro

Venres 20:30 / Sábado 20:00 | Pazo da Cultura

DRAMA



Adultos | 1 hora e 30 minutos | castelán

TODAS LAS MUJERES, AIE

Principiantes

"A pregunta é precisa. Catro personaxes tentan respondela: Un cardiólogo que non sabe nada dos asuntos do corazón, unha muller namorada de quen lle rompeu o corazón e algúns ósos, un home todo ollos envolto nunha coraza e unha muller crisálida converténdose en algo descoñecido para ela.

Medea, nas Metamorfoses de Ovidio, definiu ben o namoramento cando viu por primeira vez a Jasón; "Sentín coma se unha frecha se cravase no meu peito ata as plumas". Dor, amor. Gozo, amor.

Coma se dunha bebedeira se tratase, de feito, trátase dunha bebedeira, Herb, Terry, Nick e Laura falan, discuten, bícanse, peléxanse, escóitanse, entristécense, témense, atrévense, cabréanse, abrázanse, emborráchanse, desespéranse, pregúntanse que é o amor. E miránnos, reflíctennos, pregúntannos. E é imposible non verse reflectido." Andrés Lima

Director: Andrés Lima

Axudante dirección: Laura Ortega Pinillos

Adaptación: Juan Cabestany

Deseño escenografía: Beatriz San Juan

Vestuario: Beatriz San Juan

Deseño iluminación: Valentín Álvarez

Deseño Vídeo-Creación: Miguel Ángel Raió

Composición musical: Jaume Manresa

Fotografía: Sergio Parra / **Deseño gráfico:** Rubén Salgueiros

Prensa: María Díaz / **Producción:** Andrea Quevedo

Administración: Andrea Quevedo

Dirección produción: Ana Guarnizo

Produción executiva: Mónica Regueiro / Carles Roca

Elenco artístico:

Herb: Javier Gutiérrez - **J.P/Nick:** Daniel Pérez Prada

Bea/Laura: Vicky Luengo - **Marjorie/Terri:** Mónica Regueiro

PREZOS: Público xeral: 14,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 9,80 €

Domingo 21 de febreiro

18:00 | Café-Teatro do Pazo da Cultura

COMEDIA



Familiar e infantil (a partir de 4 anos) | 45 minutos | galego

PEDRAS DE CARTÓN

Quixote

Pedras de Cartón acomete o seu segundo clásico e a súa segunda obra abordando a novela máis importante da lingua española.

Un fermoso e divertido Quixote cunha estética inspirada no pallaso clásico (de Fellini) e con achegamentos dende o clown.

Afrontamos as escenas máis icónicas da novela e da relación antagónica entre Quixote e o seu escudeiro Sancho.

Espectáculo: Quixote

Autor: Juan Rodríguez sobre o texto de Miguel de Cervantes

Dirección: Laura Sarasola

Dramaturxia: Juan Rodríguez

Escenografía: Iker Pérez e Juan Rodríguez

Deseño son: Davide González

Deseño iluminación: Dani Pais

Vestuario: Diego Valeiras

Música: Davide González

Coreografía: Laura Sarasola

Elenco artístico: Juan Rodríguez - Pablo Sánchez

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Menores de 14 anos: 5,50 €

Sábado 27 de febreiro

20:00 | Pazo da Cultura

COMEDIA MUSICAL



Adultos | 1 hora e 15 minutos | castelán

VAIVÉN PRODUCCIONES

Yo, la peor del mundo

Yo, la Peor del Mundo é un espectáculo musical vibrante de rabiosa actualidade que nos conta a historia dunha muller que se enfronta a todo e a todos para ser libre.

Coa forza dos seus versos, Sor Juana Inés de la Cruz, enfeitiza a corte colonial mexicana dun Imperio decadente onde se converte en amante dos poderosos, musa do Século de Ouro e vítima dunha Igrexa que non pode someter o seu espírito rebelde.

Este é un espectáculo vitalista, contaxiado da cor, a música, a beleza e a imaxinación dunha muller que foi un xenio no seu tempo e que segue asombrándonos no noso.

Texto: Antonio Muñoz de Mesa

Dirección: Olga Margallo

Música orixinal: Iñaki Salvador

Vestiario: Lola Trives

Escenografía: Marcos Carazo

Deseño iluminación: Xabi Lozano

Coreografía: Maitane Zalduegi

Axudante de dirección: Dorleta Urretabizaia

Director técnico: Íñigo Lacasa

Son: Ederson

Proxeccións: Íñigo Lacasa

Iluminación: Andoni Mendizábal

Dirección de produción: Ana Pimenta

Producción executiva: Mónica Zumeta

Administración: Izaskun Imizkoz

Deseño cartel: José Luis Lanzagorta

Elenco artístico:

Ugaitz Alegría - Nerea Gorroiti - Ylenia Baglietto

Ana Pimenta - Itxaso Quintana

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Domingo 28 de febreiro

18:00 | Pazo da Cultura

TEATRO MUSICAL



Todos os públicos | 1 hora | galego

OS MONICREQUES DE KUKAS

Don Gaiferos

Obra teatral con actores, monicreques e músicos que, a modo de opereta e partindo do romance popularizado por Don Faustino Santalicense, incorporando cancións e músicas do folclore galego, conta un dos milagres atribuídos ao Apóstolo Santiago que narra a viaxe do peregrino francés Gaiferos de Monmarltan ata a súa morte aos pés do Santo na Catedral compostelá.

Nesa viaxe atemporal atoparase con diferentes personaxes como Exeria, a dama que peregrina a Xerusalén; un arrieiro maragato; uns cómicos italianos; un demo que, unha e outra vez, quere desvialo do seu camiño ofrecéndolle todo tipo de praceres mundanos e ata unha reporteira da televisión galega. Ademais, incorpóranse diferentes personaxes, arquetipos dos diversos peregrinos que viaxan a Compostela, coma un faquir hindú co seu elefante, un escocés, un portugués, unha andaluza flamenca así como lendas, costumes, lugares e monumentos representativos do feito xacobeo ata rematar aos pés do Apóstolo Santiago no Pórtico da Gloria.

Espectáculo: Don Gaiferos

Autor: Marcelino de Santiago

Dirección: Isabel Rey

Adaptación: Isabel Rey e Kukas

Escenografía: Marcelino de Santiago (Kukas)

Deseño iluminación: Miguel Cabaleiro

Vestiario: Kukas

Música Popular: Antía Ameixeiras e Sabela Caamaño

Elenco artístico:

Marian González - Isabel G. Coldeira

Borxa Insua - Ero Vázquez - Marcelino de Santiago

Antía Ameixeiras - Sabela Caamaño

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Menores de 14 anos: 5,50 €

Rúa Holanda, s/n
Urb. Ciudad Europa
15570 NARÓN

Teléf. 981 391 144
Teléf. 981 102 897 (Despacho de billetes)
E p.cultura@naron.es
www.padroadodecultura.es

 facebook/padroadodeculturaconcellodenaron

 @culturanaron

-Unha vez comezado o espectáculo (tanto ao inicio coma na segunda parte se existise un descanso), non se permite o acceso á sala, e nos casos excepcionais o acceso estaría xestionado polo persoal de sala a cargo.

-Non se pode fumar dentro do edificio, tampouco consumir bebida ou comida dentro da sala, salvo en casos excepcionais nos que así o determine a dirección do Pazo.

-Non está permitida a captación de imaxes ou son sen unha autorización previa por parte do Padroado da Cultura.

-Antes do comezo do espectáculo é imprescindible desconectar as axendas, alarmas, teléfonos móbiles ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico.

-TODA PERSOA QUE ACCEDA AO RECINTO DEBE FACELO COA SÚA ENTRADA, INDEPENDENTEMENTE DA IDADE QUE TEÑA.

